

## MANTÉN UNHA VIXILANCIA EFICAZ **en todo momento**



**Mantén a atención  
mesmo cando uses o piloto  
automático**

- Diso depende manter o goberno do buque
- Non abandones a ponte de goberno
- Evita realizar outras tarefas que poidan distraer a túa atención
- Debes establecer unhas horas de descanso e garda a bordo. O cansazo non é bo temoeiro
- Ten á man o que vaias necesitar: alimentos, bebidas quentes...


## TEN AS BALSAS SALVAVIDAS **sempre a punto**



**Non poñas candeados ou  
fixacións que impidan ou  
dificulten a súa liberación**

- **Mantenas correctamente instaladas e facilmente accesibles para o seu uso inmediato en caso de emerxencia**
- **Familiarízate co uso da balsa e coa manobra de posta á boia**
- **Revísaas anualmente por estacións de servizo autorizadas**
- **Realiza verificacións periódicas para comprobar o bo estado de todos seus elementos**

## O CO<sub>2</sub> É EFICAZ, PERO **pode ser letal para ti**



**Non accedas ata que o incendio estea totalmente extinguido e a cámara de máquinas estea completamente ventilada**

- O CO<sub>2</sub>, extingue o lume diminuindo o osíxeno no aire e pode provocar asfixia
- Sigue as instrucións de accionamento do sistema fixo de extinción
- Toma precaucións para a descarga e verifica que todo o persoal evacuou a cámara de máquinas
- Comproba periodicamente o estado de todos os elementos do sistema e non os manipules
- Revisa toda a instalación anualmente con empresas de protección contra incendios autorizadas

## DISPOSITIVOS RADIOELÉCTRICOS **de salvamento**



**Non esquezas levalos contigo á balsa ou ao bote de salvamento**

- Retíraos dos seus soportes para levalos contigo e actualalos, de acordo coas instrucións impresas en cada equipo
- Nos transpondedores e radiobalizas satelitarias, desprende o precinto e libera o selector para transmitir
- Nos radioteléfonos VHF portátiles, preme ou selecciona a posición "ON" e o equipo acenderase na canle 16
- Mantén os equipos e os seus elementos sempre accesibles e identificables e comproba periodicamente a data de caducidade das súas baterías